

VIGO

- [Situación](#)
- [Monumentos](#)
- [Playas](#)
- [Hoteles](#)
- [Parador](#)
- [Fotos](#)

## A compañía viguesa GOC será a galardonada este ano co Premio Galicia á Innovación Empresarial

**A coruñesa Twelcon Electrónica** e a tamén viguesa Técnicas Electrónicas Aplicadas Xulio **mereceron unha mención especial**

A Consellería de Innovación vén de facer pública a concesión do Premio Galicia á Innovación Empresarial deste ano á compañía viguesa GOC pola súa traxectoria neste eido, que lle permitiu pasar de ser unha PEME a ser unha gran empresa, baseándose no desenvolvemento de proxectos de I+D, a colaboración con outras entidades e o rexistro dos seus resultados.

**Ademais, o xurado do certame decidiu concederlles unha mención especial ás outras dúas empresas finalistas do certame: a coruñesa Twelcon Electrónica, polo esforzo feito en aras á innovación de produto e á captación de novos mercados; e á pontevedresa Técnicas Electrónicas Aplicadas Xulio, polo esforzo creativo e a xeración de produtos que lograron chegar ao mercado.**

O Premio Galicia á Innovación Empresarial está dirixido ao ámbito das PEMES e promovido no marco do Plan Galego de I+D+i. A iniciativa acada este ano a súa sétima edición cunha dotación de 50.000 euros, achegados conxuntamente pola Consellería de Innovación e o Instituto Galego de Promoción Económica.

A entrega dos premios terá lugar o vindeiro día 16 de novembro en Santiago de Compostela, nun acto presidido polo vicepresidente da Xunta

DIRECTORIO  
WEBS GALLEGAS  
CARTELERIA



Bolsa Inmobiliaria  
[compra](#)  
[venta / alquiler](#)

EL TIEMPO



WEBCAMS




MUSEOS



CASAS RURALES



PLAYAS



FIESTAS



de Galicia, Anxo Quintana.

No acto entregáranse tamén o Premio José Varela Montes de Investigación Sanitaria a Felipe Casanueva Freijo, doutor en Medicina e en Bioloxía e director da Unidade Asistencial de Trastornos Alimentarios do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e o Premio para Investigadores Mozos (Área Sanitaria) a José Antonio Castro Hermida, doutor en Farmacia.

### **Aposta pola I +D**

A empresa GOC naceu en Galicia hai máis de 20 anos e presta os seus servizos no mercado da construción. Na actualidade, está implantada na maioría das comunidades autónomas do Estado e no norte de Portugal. Dende a súa fundación, apostou pola innovación como elemento diferenciador e de permanencia no mercado. Para acadar este obxectivo, a compañía viguesa inviste en I+D+i un 2 por cento dos seus orzamentos, co que supera a inversión media do sector da construción que se atopa na actualidade nun 0,36 por cento.

Este esforzo inversor permitiulles finalizar 16 proxectos con resultados satisfactorios; obter 11 acreditacións e certificacións de empresa; tér en proceso de rexistro dúas patentes; rexistrar no Servizo de Protección Intelectual unha publicación e incorporar á súa carteira de produtos cinco novos servizos.

Ademais, os proxectos de innovación de procesos internos posibilitaron que, en catro anos, a empresa duplicara o seu tamaño tanto en facturación como en plantilla, e se consolidara no Estado. Esta decidida aposta pola I+D+i tamén lle reportou beneficios. En cifras, un 4,58 por cento dos ingresos da empresa proveñen de actividades relacionadas coa I+D+i.

Un dos proxectos estrela postos en marcha por GOC é a aplicación no eido da construción dunha técnica que ten a súa orixe no campo militar e que está amplamente difundida en diversos sectores da industria, como son o mantemento e a verificación de instalacións eléctricas, a aeronáutica, a medicina e a vixilancia, entre outros.

Outro proxecto importante da compañía é unha ferramenta informática que permite o seguimento do estado de conservación dos edificios, permitindo analizar a súa evolución e aportando datos que permiten a toma de decisións respecto á seguridade dos inmobles.

### **Mencións especiais**

**Twelcon Electrónica, mención especial do xurado nesta oitava edición dos Premios Galicia á Innovación Empresarial, é unha empresa creada no ano 1987, ubicada na cidade da Coruña e especializada no deseño e desenvolvemento de solucións a medida para os sectores de enerxía eléctrica, telecomunicacións e enerxía.**

**A compañía levou adiante un proxecto innovador que consiste no deseño e desenvolvemento dun centro especial de transformación urbano (CeTur). A novidade da iniciativa está en dotar aos centros de transformación dunha envolvente estética que repercutirá positivamente na integración do centro no entorno e na amortización do custo da instalación ao incorporar publicidade. Máis de cen compañías de todo o mundo, dende Paquistán até Canadá, xa amosaron o seu interese por adquirir o produto.**

Técnicas Electrónicas Aplicadas Xulio (Teaxul), tamén mención especial nestes premios, fundouse no ano 1983 e tén a súa sé en Vigo. A compañía adica a súa actividade ao deseño e desenvolvemento de novas aplicacións cunha gran aplicación práctica en todos os sectores.

Un dos seus proxectos máis recentes desenvolvidos por Teaxul é un "Sistema intelixente para a manipulación da anchoa e o verdel", unha iniciativa que garante a competitividade das empresas do sector adicado a estas especies ao automatizar un proceso que ata entón se facía dun xeito manual, garantindo a calidade e a conservación óptima dos produtos.

Outro proxecto de Teaxul é un sistema de xestión integral para a recollida de

lixo nas zonas urbanas, un sistema intelixente de recollida de lixo que permite recoñecer e cobrar a cada usuario o consumo realizado aplicando para isto sistemas innovadores e tecnoloxías avanzadas.

AGN / noticiasgalicia.11/11/2005

---

[Mapa](#)

[Provincias](#)

[Orden  
alfabético](#)

---

Si desea incluir información, (fotos, documentos, web...) envíenosla a [info@gpx.es](mailto:info@gpx.es)

©Galicia en PáXinas S.L.



| [gpx.es](#) | [noticiasgalicia.com](#) | [viajargalicia.com](#) | [parquenaturalislasatlanticas.com](#) | [vinosgallegos.net](#) | [golfgalicia.net](#) |  
| [directoriowebsgallegas.com](#) | [pueblosdegalicia.com](#) | [confidencialgalicia.com](#) |

Todos los derechos reservados.- E-mail: [gpx@gpx.es](mailto:gpx@gpx.es). Optimizada para 800 x 600 píxels

[Aviso legal](#) | [Departamento Publicidad](#)